

Área: Competicións

Circular nº 07 - Temp. 22/23

## SUBIDA VÍDEOS PLATAFORMA MISQUAD

### NORMATIVA:

Lembramos a todos os clubs a obrigatoriedade de subir os vídeos dos partidos das categorías sénior (1ª e 2ª autonómica), xuvenil, cadete e infantil da Liga Ouro femininas e masculinas. Dende a Federación Galega de Balonmán, a partir desta semana comunicárase ao Comité de Competición todas as incidencias sobre as subidas de vídeos nas competicións de liga, polo que aplicarase a normativa de forma estrita dende a primeira xornada.

### INFORMACIÓN RELEVANTE:

- Os encontros deben estar subidos en tempo e forma (antes do mércores posterior á disputa do encontro ás 20:00h e nun único arquivo).
- Os vídeos deberán ter unha resolución aceptable que permita o adecuado visionado do encontro.
- A poder ser, a cámara debe estar centrada evitando ángulos mortos.
- A cámara debe seguir a acción do balón e, sobre todo, non perderse ningún gol nin acción polémica.
- Supón unha infracción desta norma que o vídeo subido non conteña todo o partido completo ou se corte durante a súa reprodución.

En Vigo a 29 de setembro de 2022

